

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE SETEMBRO DE 2018**

**LICENZAS**

**FAVORABLE.-**

**LAP/249/2017.- PANADERÍA BERDÍA, S.L.-** Conceder licenza de obras de ampliación de local destinado a panadería no Lugar de Berdía, 35.

**LAP/493/2017.- EIBENSACH INMOBILIARIA, S.A.-** Conceder licenza de obras para a construción dunha nave para almacenamento, alugueiro e venda de sistemas de andamiaxe na Rexión Murcia, 12 (parcela F4b01 do Polígono da Sionlla).

**LAP/126/2018.- SANTIAGO CALIDAD INVERSIONES, S.L.-** Conceder licenza de obra nova para a construción dunha nave destinada á venda de materiais de bricolaxe e ferraxaría, na Rúa Castilla e León, 17 (parcela H1c08 do Polígono da Sionlla).

**PARCELAMENTOS / SEGREGACIÓNS**

**LIC/574/2018.- JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ OTERO.-** Aceptar a cesión de a viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a parcelamento de fincas no LG Rebordaos.

**LIC/701/2018.- MONTSERRAT ALDREY MÍGUEZ.-** Conceder licenza para segregación-agrupación en unidade de acto a realizar entre as fincas 798 e 798B do Plano xeral da zona de concentración parcelaria de San Martiño de Aríns no Lugar de San Martiño de Aríns.

**LIC/61/2018.- ANA MARÍA SANDE LISTE.-** Concede licenza para segregación e reagrupar as fincas, parcela nº 85 do polígono 512 e parcela nº 144 do polígono 512, no Lugar San Pedro de Busto.

**2.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións nas taxas polo saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores, e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.** Apróbase a proposta

**3.- Recoñecemento de obrigas.** Apróbase a proposta.

**4.- Recoñecemento extraxudicial de créditos.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2018.** Apróbase a solicitude dunha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a prórroga da contratación de dous Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local, por importe de 28.579,54 euros. Apróbase tamén a disposición de financiamento para custear a parte do proxecto non subvencionada (864,60 euros en 2018 e 52.191,70 euros en 2019)

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á aprobación do subministro dun tractor e dúas rozadoras traseiras avanzadas, Orzamentos participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE, gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 120.000 euros, IVE incluído.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á convalidación das obras de reforma da cuberta e mellora da instalación de iluminación do pavillón Monte dos Postes, e aprobación das certificacións nºs. 3 e 4.** Apróbase a proposta.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras de ampliación de local destinado a panadería no Lugar de Berdía, 35. LAP/249/2017. Apróbase a proposta.**

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para a construción dunha nave para almacenamento, alugueiro e venda de sistemas de andamiaxe na Rexión Murcia, 12 (parcela F4b01 do Polígono da Sionlla). LAP/493/2017. Apróbase a proposta.**

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de obras para a construción dunha nave destinada á venda de materiais de bricolaxe e ferraxaría, na Rúa Castilla e León, 17 (parcela H1c08 do Polígono da Sionlla). LAP/126/2018. Apróbase a proposta.**

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública, e concesión de licenza para a parcelamento de fincas no LG Rebordaos. LIC/574/2018. Apróbase a proposta.**

**13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para segregación-agrupación en unidade de acto a realizar entre as fincas 798 e 798B do Plano xeral da zona de concentración parcelaria de San Martiño de Aríns no Lugar de San Martiño de Aríns. LIC/701/2018. Apróbase a proposta.**

**14.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para segregar e reagrupar as fincas, parcela nº 85 do polígono 512 e parcela nº 144 do polígono 512, no Lugar San Pedro de Busto. LIC/61/2018. Apróbase a proposta.**

**15.- Proposta do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á execución da resolución do Xurado de Expropiación de Galicia sobre fixación definitiva do prezo xusto a percibir pola expropiación do dereito de ocupación dunha edificación no recinto do colexio Lamas de Abade (DOC-9). Acórdase executar a resolución do Xurado de Expropiación de Galicia sobre fixación definitiva do prezo xusto a percibir pola afectada pola expropiación do dereito de ocupación da antiga casa do conserxe do colexio Lamas de Abade e apróbase o gasto de 26.921,36 euros, por ser esta a diferenza sobre o prezo xusto xa aboado polo Concello (12.209,95 euros)**

**16.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á participación do concello no programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de Fomento da Rexeneración e Renovación Urbana e Rural do Plan Estatal 2017-2021. Acórdase solicitar a participación do Concello de Santiago no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, de acordo coas seguintes contías para cada unha das Áreas de Rehabilitación Integral declaradas no ámbito:**

**\_Cidade histórica, FASE 16: 1.500.000 euros**

**\_Vista Alegre, FASE 9: 4.224.000 euros**

**\_ Grupo de Vivendas Compostela e Quiroga Palacios, FASE 6: 2.160.000 euros**

**\_Vite, FASE 2: 2.520.000 euros**

**17.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a USC no marco da iniciativa SMARTIAGO, resolución de retos de sostibilidade mediante contratación pública de innovación. Dáse conta**

**18.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a UDC no marco da iniciativa SMARTIAGO, resolución de retos de sostibilidade mediante contratación pública de innovación. Dáse conta.**

## URXENCIAS

**1.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural para dar conta da sinatura dun convenio coa Fundación Eugenio Granell.** Dáse conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 130.000 euros.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á solicitude de subvención nominativa do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago para financiar o funcionamento do programa piloto para a implantación do servizo de atención á infancia na ludoteca das Fontiñas localizada no Espazo Educativo e de Lecer “María Miramontes” durante os anos 2018-2019.** Apróbase a solicitude á Deputación da Coruña da subvención nominativo por un importe de 83.432,97 euros

**3.-Recoñecemento de obrigas.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a mobilización de vivendas en alugueiro dispoñibles no Concello de Santiago.** Apróbase a proposta. O crédito orzamentario asignado a esta convocatoria ascende a 60.000 euros, repartidos en tres anualidades de 20.000 euros cada unha, correspondentes aos anos 2018, 2019 e 2020.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa a presentación de alegacións ao informe de Intervención N°536/2018.** Apróbase a proposta

**6.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía para dar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, para o programa Vacacións en Paz 2018.** Dáse conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 8.000 euros.